



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# Concurso proxecto “Lugo Emprende” 2015

Dirixido ao alumnado de 6º de Primaria,  
1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria  
Obrigatoria, Bacharelato e Formación  
Profesional.





## Índice

---

<b>1. Introducción .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Obxecto da convocatoria .....</b>	<b>4</b>
<b>3. Modalidades .....</b>	<b>4</b>
<b>4. Premios.....</b>	<b>4</b>
<b>5. Destinatarios .....</b>	<b>4</b>
<b>6. Do concurso .....</b>	<b>5</b>
<b>7. Orzamento .....</b>	<b>5</b>
<b>8. Inscripción no concurso .....</b>	<b>6</b>
<b>9. Resolución dos premios .....</b>	<b>6</b>
<b>10. Obriga das persoas participantes e beneficiarias .....</b>	<b>8</b>



# 1. Introducción

---

O proxecto Lugo Emprende vense a sumar ás moitas colaboracións establecidas entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Alcoa.

A proposta deste proxecto xurde como un paso máis no desenvolvemento do Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia **eduemprende**. O obxectivo principal é o fomento do espírito emprendedor entre o alumnado coa finalidade de crear empresas na provincia de Lugo así como favorecer a responsabilidade e a autonomía persoal.

Os destinatarios deste proxecto son o alumnado de 6º de Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e Formación Profesional dos centros educativos da provincia de Lugo:

CEIP Antonio Insua Bermúdez  
CEIP Luís Pimentel  
CEP Luís Tobío  
CIFP As Mercedes  
CIFP Politécnico de Lugo  
CIFP Porta da Auga  
CPI Poeta Uxío Novoneira  
CPI Uxío Novoneira  
CPR Padres Escolapios  
IES A Pinguela  
IES de Foz  
IES de Monterroso  
IES de Ribadeo Dionisio Gamallo  
IES Xograr Afonso Gómez  
IES Lois Peña Novo  
IES María Sarmiento  
IES Pedregal de Irimia  
IES Plurilingüe Fontem Albei  
IES Sanxillao  
IES Val do Asma

## 2. Obxecto da convocatoria

---

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de premios destinados ao alumnado de 6º de Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, Bacharelato e Formación Profesional dos centros participantes no proxecto “Lugo Emprende”. Pretende impulsar o desenvolvemento de ideas innovadoras de negocio entre o alumnado de 6º de primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO e a realización de proxectos empresariais entre o alumnado de Bacharelato e FP.

## 3. Modalidades

---

- Modalidade A: Concurso de ideas innovadoras de negocio.

Categorías:

- 6º de Primaria, 1º e 2º de ESO
- 3º e 4º de ESO

- Modalidade B: Concurso de proxectos empresariais.

-Bacharelato e FP

## 4. Premios

---

- Modalidade A:
  - Premio ás tres mellores ideas innovadoras de negocio.
  - Premiarase cun diploma acreditativo e unha tablet para cada membro do equipo.
- Modalidade B:
  - Premio aos tres mellores proxectos empresariais.
  - Dotación económica
    - Primeiro premio: por valor de 2.400 euros
    - Segundo premio: por valor de 1.200 euros
    - Terceiro premio: por valor de 700 euros

Os gastos serán aboados polo CIFP Politécnico de Lugo contra as facturas presentadas polos gañadores ata o máximo do valor correspondente ao premio. Os gastos estarán relacionados con aspectos que favorezan o desenvolvemento e a efectividade do proxecto.

## 5. Destinatarios

---

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- **Modalidade A:**

Alumnado de 6º de primaria, 1º, 2º, 3º e 4º de ESO que teñan participado nalguna das actividades desenvolvidas dentro do proxecto “Lugo Emprende”

A participación nesta modalidade será en grupo, formado por mínimo de dúas persoas e un máximo de tres.

- **Modalidade B:**

Alumnado de Bacharelato e FP que teñan participado nalguna das actividades desenvolvidas dentro do proxecto “Lugo Emprende”. A participación nesta modalidade terá que ser en grupo, formado por un mínimo de dúas persoas e un máximo de catro.

## 6. Do concurso

---

- A comisión de avaliación fará unha preselección de 10 proxectos por modalidade.
- Os proxectos seleccionados participarán na Mostra Lugo Emprende 2015 a celebrar no CIFP Politécnico de Lugo no mes de xuño. Este evento terá lugar coincidindo coa data de clausura do proxecto e entrega de premios.
- O fallo definitivo da comisión de avaliación farase público na cerimonia de clausura do proxecto.
- Os equipos gañadores nas dúas modalidades terán que facer una presentación breve, en formato dixital, do proxecto presentado.

## 7. Orzamento

---

Os premios concedidos de conformidade coas presentes bases serán imputados ao orzamento destinado a esta actuación, dentro do proxecto “Lugo Emprende”.



## 8. Inscripción no concurso

---

1.-A documentación a entregar será a seguinte:

1.1.- Modalidade A:

1.1.1.- Solicitud de inscripción dispoñible.

1.1.2.- Descrición da idea de negocio redactada como máximo en 5 páxinas, formato DIN A4, letra Arial 12 e interliñado sinxelo.

1.2.-Modalidade B.

1.2.1.- Solicitud de inscripción dispoñible.

1.2.2.- Proxecto empresarial que deberá constar de:

a- Descrición do proxecto.

b - Estudo de viabilidade.

b.1.- técnica

b.2.- comercial (mercado)

b.3.- financeira

c.- Cronograma da posta en marcha.

2.-A solicitud xunto co traballo presentaranse en formato dixital e serán enviados á seguinte dirección: cifp.someso@edu.xunta.es

3.-O prazo de presentación estará aberto ata o 12 de xuño de 2015.

## 9. Resolución dos premios

---

A resolución dos premios será realizada por unha comisión que avaliará as ideas e proxectos presentados e concederá os premios. Dita comisión estará composta por:

- Tres docentes dos centros dos centros educativos participantes no proxecto “Lugo Emprende” ou dous docentes e un emprendedor con empresa en activo.
- Dous membros do persoal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Criterios de avaliación

Modalidade A: “Ideas de negocio”

A comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios á hora de determinar os premios desta modalidade:

- O seu carácter innovador.
- A súa creatividade.
- A súa capacidade dinamizadora da zona.
  - As posibilidades de se converter nun proceso viable
  - Presentación e claridade da exposición

### Modalidade B :” Proxectos empresariais”

A comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios á hora de determinar os premios desta modalidade:

- Innovación do proxecto ou idea.
  - A súa viabilidade técnica e legal.
  - A súa viabilidade económica e comercial.
  - A súa viabilidade financeira.
  - O volume do proxecto: investimento, persoal, etc...
  - O impacto na súa área.
  - A capacidade do equipo promotor para o levar adiante.
  - A eficiencia na presentación dos contidos.
  - O cronograma da posta en marcha.
  - Que non teña recoñecido outro premio similar polo mesmo proxecto.
- Resolución e entrega:

A resolución dos premios será inapelable e terá lugar a no mes de xuño. A organización resérvase o dereito de declarar desertos un o varios premios no caso de que os “proxectos” ou as “ideas” que se presenten non reúnan as características necesarias. Farase difusión pública do resultado indicando os premiados e os premios que lles corresponden a través das páxinas web:

<http://www.politecnicolugo.org/>

<http://www.edu.xunta.es/fp/eduemprende-lugo-emprende-2014-2015>

Así mesmo comunicaráselles directamente ás persoas gañadoras.

Estes premios serán compatibles con outras axudas, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo de comunicar ao órgano concedente a súa obtención.



## 10. Obriga das persoas participantes e beneficiarias

---

- Coa inscrición acéptanse as bases dos premios.
  - A organización poderá difundir as características xerais dos proxectos empresariais e das ideas que se presentaran e, no seu momento, os nomes dos proxectos gañadores e os dos seus equipos promotores.
- A organización comprométese a gardar confidencialidade dos datos achegados.
- Queda garantido o correcto tratamento da documentación achegada e dos datos facilitados, consonte a Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.